

SESIÓN TELEMÁTICA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 26 DE OUTUBRO DE 2020.

Reunión mediante videoconferencia través da aplicación Microsoft Teams do día 26 de outubro, coa orde do día indicada, participaron, os seguintes membros: Cecilia Alonso Rego, Antonio Azaustre Lago, Margarita Estévez Saá, José Ángel Fernández Escribano, Ángel García Alonso, Ramón Vicente López Facal, Carolina López Gómez, Sandra Robla Álvarez, Eva Rodil Rodríguez, Marta Rodríguez Castro, Eugenio Vázquez Sentís, Dolores Vilavedra Fernández, José Miguel Tüñez López, Pablo Taboada Antelo, Juan Bautista Zalvide Torrente

Desculpan asistencia: -

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe sobre a modificación do Proceso PC-05 do Sistema de Garantía de Calidade da EDIUS, que recolle o procedemento para a aprobación dos informes de seguimento e acreditación dos programas de doutoramento.
5. Informe de los autoinformes para a acreditación dos programas de doutoramento seguintes
  - Ciencias Odontolóxicas
  - Investigación Clínica en Medicina
  - Estudos Culturais
  - Neurociencia e Psicoloxía Clínica
6. Asuntos de trámite
7. Rogos e Preguntas

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior**

Acordase a súa aprobación

**2. Informe do presidente da EDIUS**

- De momento non temos novas de cando se farán as visitas os programas de doutoramento por parte das comisións da ACSUG. No momento que teñamos noticias informaremos.
- O programa de doutoramento interuniversitario Historia Contemporánea está tamén a preparar a documentación para acreditación, esta será presentada por parte da universidade responsable que é a Universidade de Zaragoza.

### 3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non teñen nada mais que engadir

### 4. Informe sobre a modificación do Proceso PC-05 do Sistema de Garantía de Calidade da EDIUS, que recolle o procedemento para a aprobación dos informes de seguimento e acreditación dos programas de doutoramento.

Foi necesario a modificación do proceso PC-05 -Análise de resultados e mellora dos programas do SGC da USC, avaliación dos informes presentados CAPDs dos programas, no diagrama de fluxo non se contemplaba a posibilidade da emisión dun informe desfavorable por parte da CCdEDIUS. Introducíronse as modificacións necesarias que contemplan dito caso.

Acordase a súa aprobación

### 5. Informe acreditación dos programas:

#### • Ciencias Odontolóxicas

Na reunión anterior acordouse informar **desfavorablemente** por considerar que o autoinforme é un borrador incompleto e non constan as evidencias nin accións de mellora.

Acordase informar **favorablemente condicionado** a incorporación dos seguintes puntos:

- reforzar a discusión sobre a internacionalización do PD (publicacións, tribunais de teses, estadías de investigación, etc, criterio 4.4
- reforzar a discusión do criterio 4.1. Referencia a memoria de verificación do programa
- recoméndase completar o criterio 6, indicando as posibles mellorase, profundizar entre os resultados do PD e a súa evolución. Non existe no informe proposta de accións de mellora propias do programa.

#### • Investigación Clínica en Medicina

Na reunión anterior acordouse informar desfavorablemente por considerar que o autoinforme é un borrador incompleto e non constan todas as evidencias nin accións de mellora.

Acordase **informar favorablemente condicionado** a levar a cabo as modificacións de fondo e forma requiridas no informe detallado remitido dende a EDIUS. En caso de non realizar os cambios o informe será desfavorable. Neste caso solicitarase a ACSUG a retirada deste programa desta convocatoria de acreditación.

#### • Estudos Culturais

Na reunión anterior acordouse informar **favorablemente condicionado** a incorporación das evidencias que faltan.

Ademais recoméndase:

- resaltar o carácter interuniversitario e incorporar táboas e indicadores do resto de Universidades, resaltando a defensa das teses de ambas universidades
- reforzar a discusión sobre a internacionalización do PD
- incorporar o texto de calidade referente as actividades formativas transversais
- Recoméndase completar o criterio 6, indicando as posibles mellorase, profundizar entre os resultados do PD e a súa evolución.

Acordase **Informar favorablemente**, recoméndaselles a necesidade de ter preparado para a reunión co comité da ACSUG accións de mellora referentes principalmente á internacionalización do programa.

- **Neurociencia e Psicoloxía Clínica**

Na reunión anterior acordouse informar **favorablemente condicionado** á presentación das evidencias que faltan no autoinforme e recoméndase completar o criterio 6, indicando as posibles melloras e a información indica sobre os egresados.

Acordase **Informar favorablemente**

## **6. Asuntos de trámite**

Non hai

## **7. Rogos e Preguntas**

O profesor RVLf pregunta polo novo regulamento e as accións que deben tomar as CAPDs con respecto a súa renovación, e os programas con respecto as baixas de profesorado por xubilación e alta posibilidade de inclusión de novo profesorado do programa e por último sobre a posibilidade de ter profesorado en dous programas de doutoramento dentro da USC. O director da EDIUS indica que; no caso de renovacións das CAPDs estase a elaborar un listaxe actualizado do estado actual das mesmas, e en breve enviaráselle os programas a información para proceder a súa renovación e axuste o novo regulamento. En canto as baixas por xubilacións en principio as listaxes de profesorado dos programas deberían estar actualizadas, en caso de detectar erros, por favor, deberan ser comunicados a EDIUS. En canto, a inclusión de novo profesorado ó programa de doutoramento, unha vez aprobado a súa inclusión na CAPD do programa debe solicitarse oficialmente cubrindo os correspondentes formularios. Por último, sobre el profesorado en varios programas de doutorado simultaneamente, é necesario comprobar que teñan distintas liñas de investigación e que teñan solicitado a compatibilidade en ambos programas.

Sen máis asuntos que tratar levantase a sesión as 10:30 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo: Eva Rodil Rodríguez

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/02/2021 11:53:27.

**Asinante/Firmante/Signer:** EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF 35320748Q, 12/02/2021 11:44:15.

**CSV:** 3D81-18BB-4F87-BC1A